



1. Identificación da programación

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36013448	Manuel Antonio	Vigo	2018/2019

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
TCP	Téxtil, confección e pel	CMTCP01	Confección e moda	Ciclos formativos de grao medio	Réxime de proba libre

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0264	Moda e tendencias	2018/2019	0	107	0

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	LUÍS RODRÍGUEZ GÓMEZ,NURIA SAN BRUNO DÍEZ
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector



2. Resultados de aprendizaxe e criterios de avaliación

2.1. Primeira parte da proba

2.1.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA1 - Xustifica as razóns do home para vestirse, e analiza as súas motivacións.
RA2 - Identifica as características da indumentaria ao longo da historia humana en relación coa evolución histórica, cos estilos de vestir e coas tendencias do momento.
RA3 - Identifica os factores que inflúen na evolución da indumentaria en relación cos avances tecnolóxicos e co concepto de moda ao longo da historia.
RA4 - Elabora paletas de color e textura para a súa aplicación á confección, e xustifica a súa composición en relación co propósito en cada caso.
RA5 - Esboza pezas de vestir, e xustifica a gama de color elixida e a combinación de texturas seleccionada.
RA6 - Identifica tendencias de moda e valora a información salientable en relación ao sector de poboación a que se dirixe e á tempada considerada.

2.1.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA1.1 Xustificáronse as razóns relacionadas coa protección como motivación para vestirse.
CA1.2 Analizáronse razóns como o pudor e o adobío como motivación para vestirse.
CA1.3 Analizáronse as razóns de índole social (posición social, integración, diferenciación dos demais, etc.) como motivación para vestirse.
CA1.4 Analizáronse outras razóns como motivacións para vestirse.
CA2.1 Relacionouse a historia da indumentaria coa da humanidade.
CA2.2 Clasificáronse deseños de pezas de vestir dalgúns dos deseñadores de moda actuais en función de criterios estilísticos.
CA2.3 Recoñeceuse a tendencia na obra de diferentes autores.
CA2.4 Analizouse o papel da muller na estrutura industrial e social, e a súa repercusión na moda do vestir.
CA2.5 Descríbóronse as características básicas do deseño de alta costura e prêt-à-porter .
CA2.6 Valoráronse as vantaxes e os inconvenientes na confección de deseños de alta costura e prêt-à-porter .
CA3.1 Relacionáronse os fenómenos industriais coa organización dos procesos industriais e a aparición de novas tecnoloxías.
CA3.2 Analizouse a aparición da máquina de coser e a súa influencia na transformación do vestido e o seu proceso de confección.
CA3.3 Relacionouse o avance tecnolóxico coa aparición das tempadas anuais de modo de vestir e do concepto de moda .
CA3.4 Identificáronse os acontecementos tecnolóxicos e os cambios nos modos e os estilos de vestir.
CA3.5 Razoouse a aparición do deseñador de moda e as súas funcións.
CA3.6 Descríbiuse a organización actual da moda, as tempadas e as pasarelas.
CA4.1 Clasificáronse as cores segundo criterios de harmonía e contraste.



Criterios de avaliación do currículo
CA4.2 Recoñecéronse os métodos adoptados internacionalmente para a catalogación e a identificación das cores.
CA4.3 Elaboráronse escalas cromáticas que se lle poden aplicar a un artigo.
CA4.4 Efectuáronse composicións de coloridos inspirados nun tema elixido.
CA4.5 Aplicáronse as composicións en diferentes materiais e texturas.
CA4.6 Recoñecéronse as texturas, os coloridos e os motivos empregados nos deseños.
CA4.7 Aplicáronse programas informáticos sobre o tratamento da cor.
CA5.1 Preparáronse os utensilios e os materiais necesarios para debuxar deseños de moda.
CA5.2 Seleccionouse un motivo inspirador do deseño que se deba realizar.
CA5.3 Efectuouse un esbozo do futuro deseño.
CA5.4 Compuxéronse varias combinacións e formas acordes ao motivo do deseño.
CA5.5 Aplicáronse combinacións de texturas, cores e motivos.
CA5.6 Elixíuse a combinación de texturas, cores e motivos apropiada á tendencia imperante no momento.
CA5.7 Respectáronse as proporcións antropométricas na elaboración.
CA5.8 Realizouse o esbozo con pulcritude e limpeza.
CA6.1 Identificáronse as características dos materiais asociados a cada tendencia.
CA6.2 Relacionouse a tendencia co sector ao que vaia dirixido (infantil, señora, xente nova, etc.).
CA6.3 Relacionáronse as tendencias co contexto social imperante (deportivo, tempo libre, etiqueta, etc.).
CA6.4 Identificáronse as principais vías para obter a información das próximas tendencias.
CA6.5 Extraeuse información de diversas fontes (revistas, noticiarios, internet, exposicións etc.).
CA6.6 Elaborouse un expediente sobre a información obtida acerca de tendencias e composicións de cores.

2.2. Segunda parte da proba

2.2.1. Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultados de aprendizaxe do currículo
RA4 - Elabora paletas de color e textura para a súa aplicación á confección, e xustifica a súa composición en relación co propósito en cada caso.
RA5 - Esboza pezas de vestir, e xustifica a gama de color elixida e a combinación de texturas seleccionada.
RA6 - Identifica tendencias de moda e valora a información salientable en relación ao sector de poboación a que se dirixe e á tempada considerada.



2.2.2. Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos resultados de aprendizaxe por parte do alumnado

Criterios de avaliación do currículo
CA4.1 Clasifícanse as cores segundo criterios de harmonía e contraste.
CA4.2 Recoñécéronse os métodos adoptados internacionalmente para a catalogación e a identificación das cores.
CA4.3 Elaboráronse escalas cromáticas que se lle poden aplicar a un artigo.
CA4.4 Efectuáronse composicións de coloridos inspirados nun tema elixido.
CA4.5 Aplicáronse as composicións en diferentes materiais e texturas.
CA4.6 Recoñécéronse as texturas, os coloridos e os motivos empregados nos deseños.
CA4.7 Aplicáronse programas informáticos sobre o tratamento da cor.
CA5.1 Preparáronse os utensilios e os materiais necesarios para debuxar deseños de moda.
CA5.2 Seleccionouse un motivo inspirador do deseño que se deba realizar.
CA5.3 Efectuouse un esbozo do futuro deseño.
CA5.4 Compuxéronse varias combinacións e formas acordes ao motivo do deseño.
CA5.5 Aplicáronse combinacións de texturas, cores e motivos.
CA5.6 Elixiuse a combinación de texturas, cores e motivos apropiada á tendencia imperante no momento.
CA5.7 Respectáronse as proporcións antropométricas na elaboración.
CA5.8 Realizouse o esbozo con pulcritude e limpeza.
CA6.1 Identifícanse as características dos materiais asociados a cada tendencia.
CA6.2 Relacionouse a tendencia co sector ao que vaia dirixido (infantil, señora, xente nova, etc.).
CA6.3 Relacionáronse as tendencias co contexto social imperante (deportivo, tempo libre, etiqueta, etc.).
CA6.4 Identifícanse as principais vías para obter a información das próximas tendencias.
CA6.5 Extraeuse información de diversas fontes (revistas, noticiarios, internet, exposicións etc.).
CA6.6 Elaborouse un expediente sobre a información obtida acerca de tendencias e composicións de cores.

3. Mínimos exixibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS



- Xustifica as diferentes razóns do home para vestirse.
- Coñecer a historia da moda identificando tendencias da indumentaria e a moda dende o principio da humanidade ata os nosos días
- Identificar os factores sociais e tecnolóxicos que inflúen na evolución da indumentaria.
- Utilizar linguaxe técnico axeitado para prendas, artigos, materiais e útiles empregados no módulo e na realización de traballos relacionados con el.
- Manexar técnicas de representación de texturas e cartas de cores.
- Obter información de novas modas e tendencias a través de diversas canais realizando o seguimento de canles relacionadas co mundo da moda (salóns monográficos, pasarelas da moda, revistas especializadas de moda, televisión, páxinas web, etc.).
- Elaborar bosquejos e deseños básicos de novos modelos de moda no vestir.
- Saber levar a cabo os pasos necesarios para a presentación dunha colección de moda.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

- Un 90% do total da puntuación asignada en cada proba corresponderá á valoración das respostas ou destrezas demostradas polo candidato.
- O 10% restante corresponderá ás aptitudes amosadas durante a realización da proba en:
 - Orde
 - Limpeza
- A primeira parte da proba terá carácter eliminatorio e cualificarase de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- A segunda parte tamén terá carácter eliminatorio e cualificarase igualmente de 0 a 10 puntos. Para a súa superación as persoas candidatas deberán obter unha puntuación igual ou superior a cinco puntos.
- As persoas que non superen a primeira parte da proba serán cualificadas cun cero na segunda parte.
- A cualificación final correspondente ao módulo profesional será a media aritmética das cualificacións obtidas en cada unha das partes expresada con números enteiros, redondeada á unidade máis próxima. No caso dos aspirantes que suspendan a segunda parte da proba, a puntuación máxima que poderá asignarse será de catro puntos.

4. Características da proba e instrumentos para o seu desenvolvemento

4.a) Primeira parte da proba

Será un exercicio escrito que consistirá en desenvolver 10 preguntas relacionadas cos resultados da aprendizaxe e os criterios de avaliación que se estableceron no punto 2.

O candidato contará con 1,5 horas para levar a cabo a realización da proba.

Non é necesario ningún material especial, tan só bolígrafo azul e regra.

O candidato ou candidata deberá presentar documento acreditativo da súa identidade.



4.b) Segunda parte da proba

Será un exercicio práctico que consistirá na realización de 2 figurinos vestidos con prendas inspiradas nunha tempada, un estilo ou unha época concreta, coloreados e presentados con pulcritude e limpeza.

Deberá adxuntarse un informe no que se faga unha descripción das tendencias nas que se basou para crear ditos figurinos axudándose dos deseños planos que sexan necesarios.

O candidato contará con 3 horas para levar a cabo a realización da proba.

O candidato deberá vir provisto de bolígrafo azul, lapis e útiles de debuxo, materiais para colorear e acabar (técnica-s a elixir polo candidato), láminas de debuxo (diferentes soportes según a técnica a empregar), ...

O candidato ou candidata deberá presentar documento acreditativo da súa identidade.